

Instrucións de acceso ós Estudos Superiores de Deseño 2021/2022

Publicouse a **Resolución do 4 de maio** sobre o acceso ós **Estudos Superiores de Deseño de Moda, Produtos, Interiores e Gráfico** nas escolas de Artes de Galicia para o curso 2021-2022.

ESTES ESTUDOS IMPÁRTENSE NOS SEGUINTE CENTROS:

Ver oferta na web da Consellería.

- Escola de arte Mestre Mateo de Santiago: **Deseño de moda, Deseño de produtos**
- Escola de arte Pablo Picasso de A Coruña: **Deseño de interiores, Deseño gráfico**
- Escola de arte Ramón Falcón de Lugo: **Deseño de interiores, Deseño gráfico**
- Escola de arte Antonio Faílde de Ourense: **Deseño de interiores, Deseño Gráfico**

REQUISITOS DE ACCESO:

1º Cumprir un dos seguintes requisitos académicos:

- Título de **Bacharelato ou equivalente**. Aquelas persoas que teñan pendente algunha das materias do bacharelato poderán inscribirse no proceso de acceso e admisión e realizar a dita proba e, no caso de superala, poderán optar á asignación da praza solicitada, unha vez estean en posesión do título de bacharelato.
- Título de **licenciado ou graduado universitario**.
- Ter un **título de Ciclo Superior de Artes Plásticas e Deseño** (teñen acceso directo sin teren que realizaren a proba específica).
- Ter superada a **Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos**.
- En caso de **non cumprir requisitos académicos e ter 18 anos** superar **unha proba de acceso** (proba substitutiva dos requisitos de titulación).

2º Superar unha proba específica de aptitudes:

- Esta proba específica é **obrigatoria para todos os que soliciten admisión** e cumplan os requisitos académicos, excepto para os que posúen un título de Ciclo Superior de Artes Plásticas e Deseño.
- De conformidade co establecido no artigo 4.1 e 4.2 da **Orde do 21 de novembro de 2016**, a proba específica de acceso aos estudos superiores de Deseño terá por obxecto demostrar que o aspirante posúe a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estes estudos, será única para as diferentes especialidades destes estudos superiores, e terá carácter unificado para todos os aspirantes.
- A superación da proba solo faculta ó aspirante para participar no proceso de admisión.
- Os aspirantes con algunha discapacidade poderán solicitar unha adaptación da proba acreditando documentalmentemente a súa condición de discapacidade (acreditación oficial). Resérvase un 10% das prazas en caso de discapacidade de 33% ou máis.
- Resérvanse prazas para deportistas de alto rendemento e/ou nivel.

ACCESO DIRECTO:

- Terán **acceso directo**, sin ter que realizar esta proba específica de aptitudes os que teñan un título de **Técnico superior en artes plásticas e deseño**, para os cales se reserva un 20% das prazas ofertadas.
- Deberán participar igualmente no proceso de admisión.

INSCRIPCIÓN NAS ENSINANZAS:

- O prazo de inscrición vai do **19 de maio ó 17 de xuño de 2021 incluídos**.
- Con carácter xeral, as solicitudes deberán realizarse de **xeito telemático** cubrindo o formulario dispoñible en www.edu.xunta.es/reximeespecial e empregando o certificado dixital ou sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
- Non obstante, tamén se poderá formalizar a inscrición directamente nas secretarías das escolas de arte e superiores de deseño.

PROBA DE ACCESO PARA QUEN NON CUMpra OS REQUISITOS ACADÉMICOS (PROBA SUBSTITUTIVA DO REQUISITO DE TITULACIÓN):

- O día **28 de xuño** no IES As Fontiñas, de Santiago de Compostela.
- Ver horarios e características da proba na **Resolución do 4 de maio (Anexo I)**
- Publicación da listaxe de persoas que superaron a proba: **30 de xuño** nos taboleiros de cada centro e no portal <http://www.edu.xunta.gal>
- A superación desta proba ten validez permanente en todo o Estado.

PROBA ESPECÍFICA:

- Celebrarase o **6 de xullo nas catro EASD de Galicia**.
- A proba está regulada no **artigo 5 da Orde do 21 de novembro de 2016**.
- Ver horarios e características da proba na **Resolución do 4 de maio**.
- Publicación das cualificacións: Antes do **9 de xullo** nos taboleiros e na páxina web das ESAD.
- A superación da proba faculta, unicamente, para matricularse no curso académico para a que fose convocada.

1ª Parte da proba: Durante un máximo de dúas horas, a partir dun texto, imaxe e/ou material audiovisual proporcionado polo tribunal, os/as aspirantes deberán facer por escrito un comentario crítico e razoado e responder á/s cuestión/s que o tribunal lles formule ao respecto. Nesta parte da proba, o tribunal valorará:

- A comprensión dos conceptos, a utilización da linguaxe, a capacidade de análise e síntese e o nivel expresivo e expositivo amosados.
- A capacidade para desenvolver razoadamente ideas e argumentos.
- O coñecemento dos valores significativos do deseño en xeral no contexto histórico, cultural e socioeconómico.
- A identificación e valoración dos movementos artísticos e intelectuais máis representativos en relación co deseño.

2ª Parte: Durante un máximo de catro horas, os aspirantes realizarán dous exercicios de debuxo:

- 1º exercicio: debuxo mimético a man alzada, do natural ou a partir da documentación facilitada, dun modelo relacionado coa especialidade que se aspira a cursar, proposto polo tribunal, realizado a lapis de grafito sobre papel tamaño DIN A4.
- 2º exercicio: debuxo a man alzada, utilizando os sistemas e técnicas de representación máis apropiadas aos estudos que se aspira a cursar, que serán definidos polo tribunal, do modelo do exercicio anterior

Nesta parte da proba o tribunal valorará a fidelidade representativa, os coñecementos amosados e a exactitude e limpeza da execución.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE ADMITIDOS EN CADA ESCOLA E ESPECIALIDADE, POR QUENDA DE ACCESO DIRECTO E POR PROBA:

1ª Adxudicación: **16 de xullo**

2ª Adxudicación (en caso de quedar vacantes): **29 de xullo**

No portal <http://www.edu.xunta.gal>

MATRÍCULA NAS ENSINANZAS SUPERIORES DE DESEÑO:

1ª Adxudicación: Entre o **19 e o 26 de xullo**.

2ª Adxudicación: O **2 e 3 de setembro**.

PROCESO EXTRAORDINARIO DE ADMISIÓN:

No caso de quedaren prazas vacantes, o centro poderá realizar probas de acceso extraordinarias no mes de setembro.

É MOI IMPORTANTE CONSULTAR ESTES ENLACES PARA INFORMARSE:

- RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas superiores de Deseño para o curso 2021/22.
- ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño e a proba específica.
- Folleto informativo
- Proba específica.
- Web da Consellería de Educación.
- Inscripción telemática.
- Dar de alta a Chave365
- Máis sobre os Estudos Superiores de Deseño.